# Declaración de interese para MODIFICACIÓNS de títulos de GRAO que se implanten no curso 2021/2022

FACULTADE DE FILOLOXÍA E TRADUCIÓN
VIGO
17 FEB. 2020
ENTRADA 90

Normativa reguladora máis relevante: RD 1393/2007 polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, modificado polo RD 861/2010; Decreto 222/2011 polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia modificado polo Decreto 161/2015, Orde do 20 de marzo de 2012 pola que se desenvolve o Decreto 222/2011 e Acordo do Consello de Goberno do 22 de xaneiro de 2020.

| | |
|---|---|
| Denominación do título de GRAO | Grao en Tradución e Interpretación |
| Centro de impartición na UVIGO | Facultade de Filoloxía e Tradución |
| Data da xunta de centro na que se aproba a proposta de modificación | 17 de febreiro de 2020 |
| Persoa de contacto no centro | Nome: Luis Alonso Bacigalupe<br>E-mail: fft.decan@uvigo.es<br>Teléfono: 986 812 376 |
| É a proposta de modificación dun título de GRAO ligado a competencias profesionais reguladas? | ☑ Non<br>☐ Si, indicar profesión regulada: |
| As modificacións propostas derivan directamente do informe de acreditación? | ☐ Non<br>☑ Si, indicar cales: En anexo |
| Proponse o cambio na denominación do título? (*) | ☑ Non<br>☐ Si |
| Proponse o cambio no nivel do título? (*) | ☑ Non<br>☐ Si |
| Proponse o cambio da rama de coñecemento de adscrición do título? (*) | ☑ Non<br>☐ Si |
| Proponse o cambio dos criterios de habilitación profesional? (*) | ☑ Non<br>☐ Si |
| Propóñense cambios significativos nas competencias do título? (*) | ☑ Non<br>☐ Si |
| Resumo do alcance das modificacións propostas: | En anexo |

- (*) De acordo co *Procedemento para a solicitude de modificacións nos títulos verificados de grao e máster* da ACSUG, estes cambios na memoria levan á REVERIFICACIÓN do título e non á súa modificación.
- A data límite para enviar a declaración de interese sobre modificacións de títulos de GRAO que se pretendan implantar no 2021/2022 é o **20 de febreiro de 2020**.
- Enviar a verifica.grao@uvigo.es

Universidade Vigo

Dra. Lourdes Lorenzo García

Dpto. Tradución e Lingüística

Facultade de Filoloxía e Tradución

Praza das Cantigas, s/n
Campus de Vigo
36310 Vigo

Tel. 986 812 251
Fax 986 812 380

webs.uvigo.es/fft
sdfft@uvigo.es

**ASUNTO: Declaración de interese para a modificación do título de Grao en TRADUCIÓN E INTERPRETACIÓN da Universidade de Vigo**

O Consello de Departamento de Tradución e Lingüística, reunido en sesión ordinaria o día 6 de febreiro de 2020, acordou, por unanimidade,

DECLARAR O SEU INTERESE para modificar o título de Grao en TRADUCIÓN E INTERPRETACIÓN.

As modificacións previstas derivan, en parte, directamente do informe da ACSUG para a renovación da acreditación (16 de xuño de 2016), ID MEC 2500888 / n.º expediente: 1007/2009.

Malia que o informe foi favorable (http://fft.uvigo.es/images/docs/calidade/acreditacion/IFARA_GTI_2016.pdf) e levou á renovación da acreditación do título (22 de xullo de 2016), recolléronse nel varias accións de mellora de obrigado cumprimento. Estas accións afectan ás seguintes dimensións (indícanse de xeito resumido):

**Dimensión 1: Xestión do título**

- Dar maior peso á figura do coordinador de título e de materia, que deberán facer reunións co profesorado para elaborar a guía docente e observar a marcha das materias
- Procurar medios de xestión do POD que eviten a excesiva fragmentación das materias
- Simplificar os procesos de xestión de prácticas e mellorar a coordinación entre titor académico e titor de empresa
- Revisar os contidos das materias, de tal modo que se poidan impartir na súa totalidade para garantir a adquisición de tódalas competencias recollidas na memoria

**Dimensión 3: Resultados**

Ante a relativamente baixa cualificación nas enquisas de satisfacción do alumnado en ítems como «Planificación e desenvolvemento das materias», instasenos ao profesorado a analizar as causas e a propoñer accións de mellora ao respecto.

Ademais destas modificacións derivadas do devandito informe, o Consello de Departamento acordou comezar a traballar no estudo destas e doutras posibles modificacións.

En Vigo, a 17 de febreiro de 2020

A directora do Departamento de Tradución e Lingüística

UniversidadeVigo

*Campus de Vigo*

Facultade de Filoloxía e Tradución

Praza das Cantigas, s/n
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 251
Fax 986 812 380

http://fft.uvigo.es/gl/
sdfft@uvigo.es

Iolanda Galanes Santos, secretaria da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo

CERTIFICA

Que tal e como consta na acta correspondente, a Xunta de Facultade de Filoloxía e Tradución, na súa sesión ordinaria do 17 de febreiro de 2020, aprobou por asentimento a declaración de interese da modificación da memoria do Grao de Tradución e Interpretación.

E para que así conste para os efectos oportunos, expido este certificado en Vigo o 17 de febreiro de 2020.